



Formación profesional

Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
15005223	IES Agra do Orzán	2019-2020

Ciclo formativo

Código	Nome
CSAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva

Módulo profesional

Código	Nome
MP1139	Actividades fisicodeportivas individuais

Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
Ordinario	Presencial	Só hai un grupo

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
Ana Mª Martínez Rivera

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.



1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
2	Deseño de sesións, exercicios e actividades acuáticas, dirección e avaliación.			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ RA4. Dirixe e dinamiza sesións de actividades acuáticas, adaptando á actividade e as características do grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.1. Proporcionouse a información inicial e final pertinente, tratando de motivar cara á participación nas actividades acuáticas. 	Non	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.2. Explicouse ás persoas participantes a realización das tarefas motrices propostas resaltando os seus aspectos salientables, anticipando posibles erros de execución e utilizando diferentes canles de información. 	Non	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.3. Adaptouse o nivel de intensidade e de dificultade ás características das persoas participantes, variando os espazos o material e a información que se transmite. 	Non	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.5. Corrixíronse os erros de execución detectados, intervindo sobre as súas posibles causas e nos momentos oportunos. 	Non	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CA4.6. Utilizouse unha metodoloxía na práctica que favorece a desinhibición das persoas participantes, promovendo as relacións interpersoais e a máxima implicación destas persoas e atallando as condutas que perturben o desenvolvemento da actividade ou o clima relacional apropiado. 	Non	Non	



Nº	Unidade didáctica				
3	Os recursos empregados no socorrismo acuático.				
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación	
<ul style="list-style-type: none"> RA.1. Organiza os recursos implicados no socorrismo acuático, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade. 	CA 1.2. Deseñáronse ferramentas para o control permanente dos riscos, do estado de material, dos equipamentos e das instalacións.	Si	Si	Traballos escritos	
	CA1.4. Revisáronse a instalación acuática, os medios materiais e a súa operatividade tendo en conta as medidas de prevención de riscos e efectuando as operacións auxiliares de mantemento e reparacións que permitan o seu uso seguindo a normativa.	Non	Non		
	<ul style="list-style-type: none"> CA 1.5. Vixiouse de forma sistemática e periódica a área designada para anticipar ao accidentes ou á situación de emerxencia e manter as condicións de seguridade. 	Non	Non		

Nº	Unidade didáctica				
4	Os rescates en instalacións acuáticas.				
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolverase neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación	
<ul style="list-style-type: none"> RA2. Rescata persoas en casos simulados de accidente ou situación de emerxencia no medio acuático, aplicando protocolos de salvamento e rescate. 	<ul style="list-style-type: none"> CA2.1. Identificáronse os signos que indiquen problemas que supoñan risco real para a persoa usuaria, considerando as condicións da situación. 	Si	si	Traballos escritos	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.2. Interveuse de xeito inmediato de acordo co protocolo establecido. 	Si	Non		
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.3. Estableceuse a xerarquía das situación de perigo dunha instalación acuática dada, indicando o protocolo de vixilancia que se utiliza e as modificacións necesarias par as reducir. 	Si	si	Traballos escritos	



	<ul style="list-style-type: none"> CA2.4. Definíronse as condutas potencialmente perigosas das persoas usuarias nunha instalación acuática e as posibles consecuencias sobre elas mesmas ou sobre o resto de persoas usuarias, indicando as medidas que o/a socorristas debe adoptar as poder evitar. 	Si	si	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.5. Definíronse os protocolos e as técnicas para a posta en práctica das labores de vixilancia, prevención e actuación ante unha modificación das condicións de salubridade do centro acuático e en caso de accidente. 	Si	si	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.6. Deseñouse o programa de ensaio ou actuación dos protocolos de actuación. 	Si	si	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.7. Decidíronse a intervención e, de ser o caso, as técnicas que cómpre realizar, valorando a situación da suposta persoa accidentada, do resto das persoas usuarias e da instalación, e as propias condicións 	Si	si	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.8. Utilizáronse os materiais adecuados nun suposto formulado durante a realización das técnicas de entrada, aproximación, control, traslado e extracción da persoa accidentada. 	Si	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.9. Realizáronse con seguridade e eficacia as entradas á auga en función da accesibilidade, a proximidade e as características do contorno. 	Si	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.10. Realizáronse con seguridade e eficacia as técnicas de natación adaptadas que permiten a aproximación á persoa accidentada. 	Si	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.11. Realizáronse con seguridade e eficacia 300 m de nado libre, coa vestimenta propia de socorrista, nun tempo máximo de oito minutos. 	Non	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.13. Realizáronse con seguridade e eficacia técnicas de control e remolque da vítima, mantendo as súas vías respiratorias fóra da auga. 	Si	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.14. Realizouse con seguridade e eficacia a secuencia de entrada de cabeza, cincuenta metros de nado libre e mergullo a unha profundidade mínima de dous metros, para recoller un manequín de competición e remolcalo, cunha técnica correcta, durante cincuenta metros, todo iso nun tempo máximo de tres minutos e 30 segundos. 	Si	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.15. Realizouse con seguridade e eficacia o remolque sen aletas a unha persoa posiblemente accidentada, ao longo de cen metros, con catro técnicas diferentes e nun tempo máximo de catro minutos. 	Si	Non	



	<ul style="list-style-type: none"> CA2.16 Realizouse con seguridade e eficacia o remolque con aletas a unha persoa accidentada de peso e flotabilidade media ao longo de cen metros, utilizando unha soa técnica libre e nun tempo máximo de tres minutos e 45 segundos. 	SI	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.17 Realizouse con seguridade e eficacia a extracción da auga dunha persoa posiblemente accidentada consciente ou inconsciente e sen afectación medular, consonte os protocolos e aplicando a técnica correctamente, logo de a remolcar cen metros. 	SI	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.18 Realizáronse con seguridade e eficacia técnicas de mergullo e rastrexo con material auxiliar e sen el, evitando pórse en perigo a si mesmo/a, recuperando unha vítima que se atopa no fondo e sacándoa á superficie. 	SI	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.19 Realizouse con seguridade e eficacia a extracción dunha persoa accidentada con posible afectación medular utilizando o material adecuado, organizando un grupo de dous/dúas ou tres socorristas, de xeito acorde cos protocolos e aplicando as técnicas correctamente. 	SI	Non	
	<ul style="list-style-type: none"> CA. 2.20. Realizouse a análise crítica e a avaliación das técnicas de entrada, aproximación, control, remolque, extracción e traslado da vítima, segundo o seu estado e as características da instalación acuática, ante unha simulación de rescate, e establecéronse propostas de mellora de xeito xustificadas. 	SI	si	Traballo escrito
	<ul style="list-style-type: none"> CA2.21 Aplicáronse técnicas de comunicación coa persoa accidentada, cos equipamentos que interveñen na situación de emerxencia, cos/coas espectadores/as e coas persoas acompañantes da vítima, para proporcionar seguridade durante a asistencia. 	SI	Non	



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Segundo o apartado 5.1 das Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia; os resultados de aprendizaxe asociados a este módulo e que resultan esenciais e non puideron desenvolverse debido ás circunstancias excepcionais deste curso, serán impartidos no 2º curso. Isto poderá facerse incorporando actividades de formación ao inicio do próximo cursos ou ubicando estes resultados de aprendizaxe noutro módulo de 2º curso.

Os criterios expostos a continuación unicamente se refiren aos resultados de aprendizaxe que se poidan completar neste curso, ben por reforzo ou ampliación das aprendizaxes realizadas antes de decreto do estado de alarma.

Os resultados de aprendizaxe que se reforzarán e ampliarán no terceiro trimestres levaranse a cabo polo mesmo mecanismo co que se establecía a comunicación co alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe dende a suspensión da actividade presencial. Polo tanto, o profesor facilitará o material ao alumnado, con posterioridade, aclarará dúbidas semanalmente por videoconferencia utilizando a plataforma Webex e solicitará aos alumnos a entrega das distintas tarefas: cuestionarios de Google, cuestionario de resposta curta, realización de vídeos expositivos, realización de vídeos de desempeño de resultados de aprendizaxe prácticos.

Poderase realizar un exame teórico coa materia traballada neste terceiro trimestre. Dado que actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico e formativo, os resultados acadados serán imprescindibles para a elaboración da programación do curso 2020/2021.

Os mínimos imprescindibles para alcanzar a avaliación positiva serán:

-Ter aprobadas a primeira e a segunda avaliación.

-Manterse en comunicación co profesor, asistindo sempre que sexa posible as videoconferencias e entregando os traballos requiridos nas datas sinaladas.

Criterios de cualificación:

-A nota do terceiro trimestre será a media ponderada entre as notas da primeira e da segunda avaliación, contando a primeira avaliación un 40% e a segunda avaliación un 60%.

-Os traballos entregados no terceiro trimestre terán cada un o seu valor en función do tipo de traballo realizado e computarán para incrementar a nota do alumno ata un 20%.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Critérios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº		Unidade didáctica		
1		Análise das actividades acuáticas, organización dos recursos.		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA1 - Analiza as actividades acuáticas, tendo en conta as posibles modificacións das variables para a elaboración de propostas didácticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CA2.8 Executáronse con eficacia habilidades e destrezas básicas no medio acuático, demostrando capacidade de combinación entre elas para reproducir os xestos propios da natación. 	Exames prácticos dos diferentes estilos aprendidos: 50m crol, 50m costas, 50m braza, 25m volvoreta con aletas e 100m crol.
x	x	<ul style="list-style-type: none"> RA2 - Organiza os recursos implicados nos programas de actividades acuáticas, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> CA2.9 Realizáronse técnicas específicas dos estilos de nado adaptándose ás condicións do medio e axustándoas aos modelos técnicos de referencia. 	
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.3 Xustificouse a utilización das actividades acuáticas en propostas de ensinanza e recreación. 	Exame teórico poderá ser por vía telemática.
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.4 Analizouse a influencia do medio onde se realizan as actividades acuáticas, nas propostas de ensinanza e recreativas. 	
			<ul style="list-style-type: none"> CA1.6 Analizáronse as características e as condicións de seguridade dos diferentes aspectos das actividades acuáticas. 	
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.6 Elaborouse o protocolo de seguridade e de prevención de riscos relativo á súa área de responsabilidade, na ensinanza de actividades acuáticas. 	
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.7 Comprobouse o estado dos elementos específicos de seguridade e prevención de riscos relativos á súa área de responsabilidade, na ensinanza de actividades acuáticas. 	
			<ul style="list-style-type: none"> CA2.1 Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento de actividades acuáticas, procurando a máxima participación e garantindo condicións de máxima seguridade. 	



Nº		Unidade didáctica		
2		Deseño de sesións, exercicios e actividades acuáticas		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	X	RA3 - Deseña sesións de ensinanza de actividades acuáticas, relacionándoas co programa de base, co tipo de actividade e co grupo de referencia	CA3.1 Descríbonse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía das sesións das actividades acuáticas, a partir da programación xeral.	Traballos escritos
			CA3.2 Integráronse os contidos físicos e técnicos das actividades acuáticas, na proposta de tarefas de ensinanza de actividades físico-deportivas individuais.	
			CA3.3 Tivéronse en conta os criterios fisiolóxicos e psicolóxicos no deseño das progresións das actividades, respectando a dinámica dos esforzos e o ritmo de aprendizaxe individual	
			CA3.4 Deseñáronse adaptacións das tarefas motrices específicas en función das características das persoas participantes .	
			CA3.5 Aplicáronse criterios de eficacia e seguridade equipamentos e os materiais ao longo da sesión na proposta de uso dos espazos.	
			CA3.6 Previuse o tipo de reforzos de aprendizaxe que deben proporcionarse.	
			CA3.7 Elaboráronse actividades alternativas para solucionar as posibles continxencias que poidan presentarse en relación coas persoas, os recursos materiais, os espazos e o medio.	
			CA3.8 Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento das actividades acuáticas, e propuxéronse as medidas de seguridade e prevención de riscos necesarias.	



Nº		Unidade didáctica		
3		Os recursos empregados no socorrismo acuático		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	x	RA1 - Organiza os recursos implicados no socorrismo acuático, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade SI	CA1.1 Preparouse o equipamento persoal e os materiais necesarios para previr os riscos durante o desenvolvemento do socorrismo acuático.	Traballo escrito
			CA1.3. Describíronse as normas para cumprir nas instalacións acuáticas, para garantir a convivencia e a seguridade das persoas usuarias, aplicando técnicas de comunicación eficaces.	
Nº		Unidade didáctica		
5		Actividades atléticas; análise, organización deseño, dirección e avaliación		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
x		RA1 - Analiza as actividades atléticas, tendo en conta as posibles modificacións das variables para a elaboración de propostas didácticas.	CA1.1 Cuantifícase o peso do compoñente físico, do técnico e, de ser o caso, do táctico, nas actividades atléticas.	Exame escrito, poderá realizarse vía telemática.
x		RA2 - Organiza os recursos implicados nos programas de actividades, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade.	CA1.2 Relaciónanse as habilidades técnicas específicas das actividades atléticas coas habilidades e as destrezas motrices básicas.	
			CA1.3 Xustificouse a utilización das actividades atléticas en propostas de ensinanza e recreación.	
			CA1.5 Interpretáronse as regras básicas e a nomenclatura específica das actividades atléticas, adaptándoas ao nivel de execución.	
			CA1.6 Analizáronse as características e as condicións de seguridade dos diferentes aspectos das actividades atléticas.	
			CA1.7 Experimentáronse os usos dos materiais específicos, adaptados, alternativos e auxiliares relacionados coa ensinanza das actividades atléticas.	



			CA4.4 Demostráronse as accións motrices específicas das actividades atléticas coa S 4 calidade suficiente para posibilitar a un/unha suposto/a aprendiz a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.	Elaboración de un vídeo demostrativo coas principais accións motrices que dadas as condicións se poidan realizar.
--	--	--	---	---

Nº	Unidade didáctica			
6	Análise das habilidades ximnásticas, recursos implicados, deseño, dirección e avaliación de sesións			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
	x	RA1 - Analiza outras actividades físico-deportivas individuais, tendo en conta as posibles modificacións das variables para a elaboración de propostas didácticas.	CA1.6 Analizáronse as características e as condicións de seguridade dos diferentes aspectos doutras actividades físico-deportivas individuais.	Exame escrito, poderá realizarse por vía telemática.
	x	RA2 - Organiza os recursos implicados nos programas doutras actividades físico-deportivas individuais, definindo criterios de versatilidade, eficacia e seguridade.	CA2.1 Seleccionáronse as instalacións, os equipamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento doutras actividades físico-deportivas individuais, procurando a máxima participación e garantindo condicións de máxima seguridade.	
			CA2.4 Deseñáronse ferramentas para o control permanente dos riscos, do estado do material, dos equipamentos e das instalacións.	
			CA3.1 Describíronse os obxectivos didácticos, os contidos e a metodoloxía das sesións doutras actividades físico-deportivas individuais, a partir da programación xeral.	
			CA3.8 Prevíronse as situacións de risco que poden producirse no desenvolvemento doutras actividades físico-deportivas individuais, e propuxéronse as medidas necesarias de seguridade e prevención de riscos.	
			CA4.4 Demostráronse as accións motrices específicas das modalidades físico-deportivas individuais, coa calidade suficiente para posibilitar a un/unha suposto/a aprendiz a representación mental adecuada da tarefa que debe realizar.	Elaboración de un vídeo demostrativo coas principais accións motrices que dadas as condicións se poidan realizar.



6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación estanse definindo de xeito individualizado para cada alumno. Cada un dos alumnos con algún apartado pendente de avaliación, están aportando diferentes traballos que lles están permitindo ir recuperando as partes suspensas. Conforme un alumno entrega un traballo se lle envía a proposta para a realización do seguinte.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Ata o momento de finalización das actividades académicas presenciais, a ningún alumno lle foi notificada a perda de dereito a avaliación continua.

*Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con o módulo pendente.

Para superar o módulo o alumno/a deberá acadar os criterios mínimos establecidos na programación. Dada a situación excepcional serán tidas en conta, todas as probas e exames que os alumnos tiñan feitas con anterioridade tanto no presente curso como no anterior, valorando todas as probas, exames e traballos presentados. Dada a situación excepcional se flexibilizará a consecución daqueles mínimos que impliquen unha execución práctica. Esa flexibilidade abarca tanto o contido desas probas como o nivel de desempeño das mesmas. E dicir, as probas reduciranse ao mínimo imprescindible que permita recoñecer no alumno o mínimo de desempeño motriz propio do carácter deste módulo.



8. Medidas de atención á diversidade

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Do mesmo xeito que foi realizado ao longo de todo o curso, o profesor realizará un seguimento individualizado da evolución de cada alumno. Exercicios paralelos serán propostos co obxectivo de acadar os mínimos esixidos ou seguir traballando tendo en conta posibles limitacións físicas permanentes ou temporais.